



GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO PRINCIPAL I-IV (GUITARRA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: INSTRUMENTO PRINCIPAL I-IV									
ESPECIALIDADE	Produción e xestión				ITINERARIO			---	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	6	6	6	6					Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X11, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5, EPX6, EPX7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Obter unha formación práctica, teórica e metodolóxica que permita o perfeccionamento das capacidades artísticas, musicais e técnicas, para abordar interpretación do repertorio máis representativo de guitarra.	Todas
Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.	Todas
Desenvolver os propios criterios estéticos, sensibilidade, recursos expresivos, creatividade e capacidade de autocrítica.	Todas

4. CONTIDOS	
Perfeccionamento de toda a gama de articulacións, modos de ataque e timbres. Afondar no estudo da dixitación e a súa problemática. Posición, control e respiración.	
Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, fraseo, ornamentación, timbres, articulación e tempo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Utilización dos efectos característicos do instrumento (timbres, rasgueos, percusión, etc.)	
Preparación dun programa integrado por repertorio para guitarra solista, segundo a duración que se indica nos contidos mínimos para cada cuatrimestre, que inclúa obras ou estudos de estilos distintos. Perfeccionamento da concentración, control da tensión física e da respiración nas	



actuacións en público. Adestramento permanente e progresivo do xesto en relación co texto musical. Adestramento permanente e progresivo da comunicatividade. Emprego das novas tecnoloxías para potenciar a creatividade. Iniciación á investigación artística.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audicións	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*